



Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Burgos e a Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal) para a realización de programas de cooperación educativa

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Agacal, **DECLARA:**

Que esta axencia ten previsto formalizar coa Universidade de Burgos o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de un ano dende a data da súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Facilitar la realización de prácticas formativas por parte dos estudantes da Universidade de Burgos nos centros de traballo adscritos á Axencia Galega da Calidade Alimentaria.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Declarar o alto interese que a formación práctica dos estudantes universitarios ten tanto para a universidade como para a sociedade en xeral.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela,

